



BASES DA 5º BANDEIRA CONCELLO DE CEDEIRA DE TRAIÑEIRAS

O Concello de Cedeira organiza en colaboración co Club de Remo de Cedeira unha regata de traíneiras da Liga B, o sábado 7 de agosto de 2021. A medición de tempos e regulamento da regata correspóndelle ao Clube de Remo de Cedeira, como colaborador e farase conforme á Normativa de Competición da Liga Galega de Traíneiras mentres que o Concello como organizador asume o reparto de premios, conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Para participar e optar aos premios é imprescindible formar parte da Liga B de traíneiras. Os/as participantes asumirán todas as responsabilidades do beneficiario/a do premio, incluídas as obrigas fiscais.

SEGUNDA. Os clubes da Liga B de traíneiras son 11: Club de Remo Narón, Club de Remo Chapela, Club del Mar Castropol, Club de Remo Cedeira, Club del Mar Mugardos, Club de Remo A Cabana-Ferrol, Amegrove Club de Remo, Club de Remo Virxe da Guía, Club de Remo Vila de Cangas, Sociedade Deportiva Samertolameu B e Club de Remo Puebla B.

TERCEIRA. Establécense os seguintes premios en base ao posto acadado:

<i>Posto</i>	<i>Importe a percibir</i>
1º	780,00 €
2º	690,00 €
3º	630,00 €
4º	570,00 €
5º	540,00 €
6º	510,00 €
7º	480,00 €
8º	450,00 €
9º	450,00 €
10º	450,00 €
11º	450,00 €

CUARTA. Realizaranse tres regatas e participarán 3 clubes na primeira regata, 4 clubes na segunda regata e outros 4 clubes la tercecira e última regata, os xuíces medirán os tempos feitos por cada unha



das traíñeiras participantes e clasificáranas por postos do 1º ao 11º. Conforme á clasificación obtida percibirán o importe do premio indicado na cláusula anterior.

QUINTA. A entrega de premios terá lugar, unha vez remate a regata. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do Concello.

SEXTA. Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa xurídica ou persoa física que actúa como representante do club na Liga B de traíñeiras, a partir do luns 23 de agosto, no rexistro do Concello de Cedeira ou por sede electrónica. Se pasado o día 30 de novembro de 2021 non se solicitou o premio entenderase que se renuncia ao cobro do mesmo.

SÉTIMA. Os presentes premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

OITAVA. A decisión dos xuíces será inapelable. Os xuíces da regata terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. Entregarán copia da acta cos tempos das regatas ao Concello.

NOVENA. A participación na regata de traíñeiras supón a total e plena aceptación destas bases.”